



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E O CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA) PARA A REALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS: DINAMIZACIÓN DA REDE GALEGA DE RESERVAS DE BIOSFERA, OBOECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE E AS ÁREAS PROTEXIDAS, EXPOSICIÓNS ITINERANTES, REUNIÓN DO OBSERVATORIO GALEGO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL E ASESORAMENTO E DOCUMENTACIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL

(1) Esta consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é o órgano da Administración Autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias e funcións en materia de información, educación e formación ambiental así como no fomento de programas e accións de concienciación dos cidadáns para garantir o respecto e a mellora do ambiente, de conformidade co establecido no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos completar as actividades desenvolvidas pola consellería nas materias de información, formación e educación ambiental a través do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia.

(2) Antecedentes O artigo 27.30 do Estatuto de Autonomía de Galicia faculta á Xunta de Galicia para levar a cabo aquelas accións que considere necesarias para a protección, conservación e mellora dos recursos naturais e a adecuada xestión dos espazos naturais, da flora e fauna silvestres, da paisaxe e dos elementos singulares da xea de Galicia que polo seus valores e interese científico, paisaxístico, cultural e histórico requiran unha especial atención.

Ao abeiro do anterior promulgáronse os Reais Decretos 167/1981, do 9 de xaneiro, 1234/1983 do 20 de abril, e 1535/1984, do 20 de xuño, de traspaso de funcións e servizos á comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

O Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental (CEIDA) creouse por convenio entre a entón Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o concello de Oleiros, en data 5 de decembro de 1997, orientado a establecer un marco adecuado para a difusión cultural e intercambio científico entre os distintos organismos asinantes do citado convenio, dende a óptica da defensa e promoción do medio ambiente. O 22 de setembro de 2000 actualízase o citado convenio a través do convenio de colaboración da entón a Consellería de Medio Ambiente, a Universidade da Coruña e o concello de Oleiros, e créase para a xestión do mesmo, segundo a súa cláusula terceira, un consorcio, de conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O CEIDA ten entre os seus obxectivos fomentar o coñecemento dos valores ambientais, co fin de sensibilizar e xerar unha conciencia favorable á conservación e uso sustentable do medio ambiente. a realización de actividades de cualificación de técnicos en educación ambiental, así como colaborar, dentro do seu ámbito actuación.

Na cláusula segunda do convenio de actualización do CEIDA establécese que este poderá completar as actividades desenvolvidas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda nas materias de información, formación e educación ambiental.

(3) Finalidade Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co CEIDA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 20 de novembro de 2020.



Xacobeo 2021





(4) O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o CEIDA para a realización das actuacións: dinamización da Rede Galega de Reservas da Biosfera, obxectivos de desenvolvemento sustentable e as áreas protexidas, exposicións itinerantes, reunión do Observatorio Galego de Educación Ambiental e asesoramento e documentación do Centro de Documentación Ambiental.

(5) O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

O CEIDA oficialmente é o ente ao que lle corresponde difundir a educación ambiental en todos os sectores sociais baixo as directrices dos órganos que o compoñen. Oficialmente é o ente ao que lle corresponde difundir a educación ambiental en todos os sectores sociais baixo as directrices dos órganos que o compoñen.

Neste sentido o CEIDA nútrese da información oficial da consellería con competencias en conservación do patrimonio natural, divulgando e promovendo a educación ambiental do público en xeral e en particular aos sectores directamente implicados na conservación da natureza.

Por todo o anterior, entendendo por convenio o acordo de vontades adoptado por escrito entre as partes asinantes que o subscriben nun plano de igualdade, para a consecución de fins de interese común en competencias que lle son propias, e tendo en conta os principios de información mutua, a cooperación e a colaboración que inspiran as relacións das administracións públicas, en consideración á razón de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto no artigo 19.4 c) e 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia e no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Para articular esta acción a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda achegará á finalidade deste convenio a cantidade de 56.000,00 € (Cincuenta e seis mil euros), que se financiará con cargo á partida orzamentaria 07.03.541B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020 (fondos propios).

O presente acordo de colaboración tramitase de acordo co establecido na orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2020, dado que as necesidades poden ser razoablemente previstas con anticipación (artigo 1 desta orde).

(6) Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Natural

Belén Mª do Campo Piñeiro



Xacobeo 2021

